

MEMORIA DO PROXECTO

VI CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS

★ PLAN LÍA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES.



Modalidade de participación:

2.a. Proxecto de investigación dirixido por profesorado dun grupo.

CEIP Plurilingüe Condessa de Fenosa



(O Barco de Valdeorras).

1. INTRODUCCIÓN.

XUSTIFICACIÓN

***"As persoas maiores nunca comprenden nada por sí soas, e é esgotador para os nenos ter que darlles sempre e sempre explicacións."* Saint-Exupéry, Antoine (1943)**

E así foi como empezamos...Lendo ao noso alumnado este capítulo nun precioso exemplar conmemorativo do cincuenta aniversario da publicación do Principiño.

Estaban de acordo con Saint-Exupéry. Sorprendéronse, gustoulles, espertou a súa curiosidade e quixeron saber máis. Así botamos a andar o proxecto para descubrir o que agocha esta obra.

Nós lemos, pintamos, analizamos, buscamos información, xogamos, pensamos moito.. para atopar respostas, descubrir novos significados e comunicar o que aprendemos. Falamos de literatura, lingua, arte, matemáticas, informática... Tamén de sentimentos e valores como amizade, responsabilidade, empatía, amor... que tanto precisamos.

No presente curso decidimos seguir no Programa PITEAS co que tentamos detectar as habilidades, capacidades e destrezas do noso alumnado e así fomentar a súa creatividade e espírito crítico, sempre apoiados pola biblioteca escolar como o noso primeiro espazo educativo e fonte básica da nosa aprendizaxe.

Aínda que os espazos de aprendizaxe son diversos, a biblioteca escolar ofrécenos a mellor oportunidade de fomentar unha actitude inclusiva, favorecedora e respectuosa coa diversidade, con espazos educativos diversos e de encontro, que facilitan a aprendizaxe, o rendemento e o desenvolvemento máximo das potencialidades.

No aula de 4ºB desenvolvemos como tema núcleo da programación pedagóxica a Unidade Didáctica titulada "O Principiño@ que todos levamos dentro". Nela participaron a maioría de mestres/as especialistas e de apoio que imparten clase acompañando ao alumnado na súa investigación, e na elaboración e produción de saberes sobre o texto.

Con este proxecto, pensado para todo o alumnado, conseguimos:

- Un alto nivel de compromiso coa aprendizaxe.
- Desenvolver o currículo e adquirir as competencias clave.
- Empregar experiencias de aprendizaxe desafiante que teñen en conta os intereses, estilos de aprendizaxe e de expresión do alumnado.
- Aumentar o seu rendemento e mellorar ao máximo as súas potencialidades.
- Dotar dun enfoque interdisciplinario de todas as materias curriculares.
- Planificación Integrada con actividades destinadas á formación de usuarios da biblioteca escolar e enmarcados dentro dos principios da Educación Documental.
- Alfabetizacións múltiples: xa que elaboramos vídeos-documentais, lemos en diferentes soportes, elaboramos murais...
- Participación vertical xa que participou alumnado de diferentes niveis.

2. PLANIFICACIÓN CON REFERENCIA AOS CONTIDOS CURRICULARES E AOS CRITERIOS E ESTÁNDARES DE AVALIACIÓN

- En relación aos contidos curriculares, imos facer un pequeno resumo da nosa programación co obxectivo de ter unha idea dos contidos traballados:

IDENTIFICACIÓN			
Título da tarefa: <i>O principiño que tod@s levamos dentro</i>		Profesorado: <i>Rubén López Fernández, Xoaquín Freixeiro Álvarez, Manuela Álvarez Lana, Carmela García Fernández,</i>	
Breve descrición da tarefa: <i>Prepárase unha exposición aberta, basada no libro O Principiño de Antoine de Saint-Exupéry con diferentes técnica plásticas, incluíndo o uso das TICs e xogos relacionados</i>			
Curso: 4ºB	Área(s) ou Materia(s): , <i>Ex. Artística, L. Gal, L. Cast, Matemáticas,, L. Ing, Ael, Valores CS.</i>	Temporalización: <i>1º 2º 3º trimestre</i>	
Etapas: <i>E.P.</i>			
CONCRECIÓN CURRICULAR			
EXPRESIÓN ARTÍSTICA			
Contidos	Criterios de Avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC
B1.2. Elaboración de carteis con diversa información aplicando os coñecementos plásticos adquiridos. B1.3. Creación de imaxes para textos dados para secuenciar unha historia	B1.2. Recoñecer e identificar as formas naturais e artificiais, as texturas, os códigos e as técnicas básicas das obras plásticas, e expresar as súas diferenzas	EPB1.2.1. Representa formas naturais e artificiais presentes no contexto, utilizando instrumentos, técnicas e materiais adecuados na súa obra persoal	CCEC CCL CAA
		EPB1.2.2. Clasifica texturas, formas e cores, atendendo a distintos criterios (similitude, diferenza, tacto, dureza etc.)	
		EPB1.2.3. Identifica a influencia dos fondos de cor.	
		EPB1.2.4. Recoñece e interpreta de forma oral e escrita o contido das imaxes nunha obra artística.	
B2.2. Uso de diferentes texturas para as representacións (area, tecidos, papel etc.) B2.3. Exploración das calidades dos materiais e o tratamento non convencional destes	B2.1. Coñecer e utilizar materiais, técnicas e códigos diversos que se utilizan nas producións artísticas.	EPB2.1.1. Representa formas naturais e artificiais con diferentes formas, cores, texturas e materiais.	CCEC CMCCT
		EPB2.1.2. Consegue dar sensación de profundidade e volume ás súas creacións.	
		EPB2.1.3. Utiliza as cores, as mesturas e a tonalidade con sentido estético, de forma cada vez máis autónoma.	
B2.4. Emprego de distintos soportes nas creacións.	B2.4. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar material para as creacións propias ou colectivas.	EPB2.4.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar material para as súas creacións artísticas.	CCEC CSIEE
LINGUA CASTELÁ			

B1.1. Estratexias e normas para o intercambio comunicativo: participación; exposición clara; escoita; respecto á quenda de palabra; entoación adecuada; respecto polos sentimentos, experiencias, ideas, opinións e coñecementos dos e das demais	B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando as normas da comunicación: quenda de palabra, escoitar	LCB1.1.1. Expresa ideas, pensamentos, opinións, sentimentos con certa claridade. LCB1.1.2. Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, participación respectuosa.	CCL CAA CSC
B1.5. Comp. global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos)	B1.5. Recoñecer o tema e as ideas principais dos textos orais sinxelos.	LCB1.5.1. Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais.	CCL CAA
B2.1. Lectura, en silencio e en voz alta de distintos tipos de texto adecuados ao seu nivel.	B2.1. Ler en voz alta e en silencio, diferentes textos.	LCB2.1.1. Le en silencio e en voz alta, sen dificultade e con certa expresividade, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade	CCL
B2.7. Uso da biblioteca para a procura de información e utilización da mesma como fonte de aprendizaxe e de lecer.	B2.5. Utilizar fontes e soportes existentes na biblioteca para seleccionar e recoller información, ampliar coñecementos e aplicarlos en traballos persoais.	LCB2.5.1. Consulta biblioteca, de xeito guiado, de diferentes fontes bibliográficas e textos en soporte informático para obter información para realizar traballos individuais ou en grupo.	CCL CD CAA
B2.10. Utilización guiada das Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información.	B2.8. Utilizar as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información	LCB2.10.1. Utiliza as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información.	CCL CD CAA
B3.1. Producción de textos para comunicar coñecementos, experiencias e necesidades. B3.2. Cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación. B3.3. Aplicación das normas ortográficas. Acentuación.	B3.1. Producir textos segundo un modelo con diferentes intencións comunicativas, aplicando as regras ortográficas e cuidando a caligrafía, orde e presentación.	LCB3.1.2. Escribe textos, organizando as ideas utilizando elementos de cohesión básicos e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas	CCL
B4.7. Uso eficaz do dicionario para ampliación de vocabulario e como consulta ortográfica e gramatical	B4.3. Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	LCB4.3.2. Selecciona a acepción correcta segundo o contexto de entre as varias que lle ofrece o dicionario.	CCL

B5.1. Valoración dos textos literarios como vehículo de e como fonte de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas e como gozo persoal.	B5.1. Valorar os textos literarios e utilizar a lectura como fonte de lecer e información.	LCB 5.1.1. Valora de forma global, as características fundamentais de textos literarios narrativos, poéticos e dramáticos.	CCL CCEC
LINGUA GALEGA			
B1.3. Comprensión e produción de textos orais breves para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián, de carácter informal (conversas entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (exposicións da clase ou debates).	B1.3. Comprender e producir textos orais propios do uso cotián ou do ámbito académico	LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias.	CACCL A CSC CSEIEE
		LGB1.3.2. Sigue unha exposición da clase e extrae o sentido global.	CCL CAA
		LGB1.3.4. Participa no traballo en grupo, así como nos debates	CCL SIEE CAA CCL
B1.6. Uso de estratexias elementais para comprender e facer comprender as mensaxes orais: ton de voz, entoación, xestualidade e uso de nexos básicos	B1.6. Amosar interese por expresarse en público coherentemente, usando nexos básicos adecuados e presentando estratexias elementais para facer comprender a mensaxe	LGB1.6.1. Planifica e elabora un discurso oral coherente, na secuencia de ideas ou feitos utilizando un vocabulario adecuado á súa idade.	CCL CAA
B2.7. Uso dirixido das tecnoloxías da información e das bibliotecas para obter informacións relevantes para realizar as súas tarefas.	B2.5. Utilizar as tecnoloxías da información para obter información necesaria para a realización das súas tarefas	LGB2.5.1. Utiliza, de forma guiada, as tecnoloxías da información para obter información. LGB2.5.2. Utiliza dicionarios dixitais para interpretar a información dun texto.	CCL CD CAA
B3.6. Uso guiado de programas informáticos de procesamento de texto	B3.5. Usar, de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto	LGB3.5.1. Usa, de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto	CCL CD CSIEE
B4.2. Aplicación xeral das normas ortográficas, apreciando o seu valor social.	B4.2. Aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	LGB4.2.3. Valora a importancia do dominio da ortografía para asegurar unha correcta comunicación escrita entre as persoas falantes dunha mesma lingua e para garantir unha adecuada interpretación dos textos escritos.	CCL CSC CCEC
B5.8. Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria	B5.6. Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo	LGB5.6.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento doutros mundos,	CCL CSC

ou minorizada), como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas, e como recurso de gozo persoal	de comunicación, fonte de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas, e como recurso de gozo persoal.	tempos e culturas, e como recurso de gozo persoal.	CCEC
MATEMÁTICAS			
B1.1. Planificación do proceso de resolución de problemas: análise e comprensión do enunciado. Estratexias e procedementos postos en práctica: facer un debuxo, unha táboa, un esquema da situación, ensaio e erro razoado, operacións matemáticas axeitadas etc. Resultados obtidos	B1.1. Expresar verbalmente de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema	MTB1.1.1. Comunica verbalmente de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema de matemáticas ou en contextos da realidade.	CMCT CCL
B1.2. Proposta de pequenas investigacións en contextos numéricos, xeométricos e funcionais.	B1.3. Profundar en problemas resoltos propoñendo pequenas variacións nos datos, outras preguntas	MTB1.3.2. Formula novos problemas, a partir dun resolto: variando os datos, propoñendo novas preguntas, conectando coa realidade, buscando outros contextos etc.	CMCT CAA CSIEE
B2.11. Operacións con números naturais: suma, resta, multiplicación e división	B2.3. Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as súas propiedades, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación, calculadora), usando o máis adecuado	MTB2.3.1. Aplica as propiedades das operacións e as relacións entre ela	CMCT CAA
B3.4. Comparación e ordenación de medidas dunha mesma magnitude.	B3.2. Operar con diferentes medidas	MTB3.2.1. Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade e masa en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán.	CMCT
B3.7. Unidades de medida do tempo e as súas relación	B3.3. Coñecer as unidades de medida do tempo e as súas relación, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.	MTB3.3.1. Resolve problemas da vida diaria utilizando as medidas temporais e as súas relacións.	CMCT CAA
B4.11. Resolución de problemas de xeometría relacionados coa vida cotiá.	B4.5. Identificar, resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel,	MTB4.5.1. Resolve problemas xeométricos que impliquen dominio dos contidos traballados, utilizando estratexias heurísticas de razoamento (clasificación, recoñecemento das	CMCT CAA CSIE

	establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisión.	
ALFABETIZACIÓN INFORMACIONAL			
B1.1. A biblioteca como espazo de acceso á informació	B1.1. Utilizar a biblioteca como espazo de acceso á información presencial ou virtual.	INEINB1.1.1. Utiliza a biblioteca do seu centro para cubrir necesidades de lectura e de información INEINB1.1.2. Utiliza a biblioteca do centro na procura de recursos informativos para os seus traballos individuais e grupais	CCL CD CAA CSIEE CCEC
B1.5. Dereitos de autoría	B1.5. Recoñecer os dereitos de autoría	INEINB1.5.1. Identifica e respecta a autoría de textos ou imaxes.	CSC CAA
B2.4. Recursos dixitais. Internet como fonte de información	B2.4. Acceder á rede e coñecer os recursos dispoñibles a través da internet.	INEINB2.4.1. Usa internet de xeito autónomo para resolver necesidades de información	CD CAA CSIEE
B3.1. Procesos de investigación.	B3.1. Recoñecer os pasos para seguir nun proceso de investigación	NEINB3.1.1. Identifica os obxectivos do traballo de investigación e as súas fases.	CAA CSIEE
B5.1. Organización e reelaboración da información	B5.1. Organizar a información recuperada de distintas fontes, xerarquizándoa e plasmándoa en esquemas, mapas conceptuais, guións,	INEINB5.1.1. Realiza esquemas, mapas conceptuais, guións, etc., para organizar a información recuperada	CCL CD CAA
B5.10. Avaliación e aplicación das aprendizaxes realizadas a través dos traballos de investigación á vida persoal, académica e social.	B5.10. Avaliar o proceso de elaboración do traballo feito, e tomar consciencia das aprendizaxes realizadas, e aplicar os coñecementos adquiridos á súa vida persoal, académica ou social	INEINB5.10.4. Incorpora as aprendizaxes realizadas a novos procedementos de traballo e de relación no medio escolar e social	CAA CSIEE
VALORES CÍVICOS E SOCIAIS			
Contidos	Crterios Av.	Estándares	

<p>B1.1. O autoconhecimento.</p> <p>Identificación das características persoais e dos trazos de identidade, as propias capacidades e necesidades.</p> <p>B1.2. Habilidades comunicativas. Expresión de vivencias e sentimentos de forma construtiva</p>	<p>B1.1. Crear unha imaxe positiva de un mesmo tomando decisións meditadas e responsables, baseadas nun bo autoconceito</p>	<p>VSCB1.1.1. Expresa a percepción da súa propia identidade relacionando a representación que fai de un mesmo e a imaxe que expresan das demais persoas.</p>	<p>CSC CCL</p>
		<p>VSCB1.1.2. Manifesta verbalmente unha visión positiva das súas propias calidades e limitación</p>	<p>CSC CCL CAA</p>
<p>B1.3. O autoconceito. A autovaloración; os trazos de personalidade. A autoconciencia emocional. A respectabilidade e a dignidade persoal. O estilo persoal positivo</p>	<p>B1.2. Construír o estilo persoal baseándose na respectabilidade e na dignidade persoal</p>	<p>VSCB1.2.1. Razona o sentido do compromiso respecto a un mesmo e as demais persoas</p>	<p>CSC CSIE</p>
		<p>VSCB1.2.2. Actúa de forma respectable e digna.</p>	
<p>B1.4. As emocións. Identificación, recoñecemento, expresión e verbalización. Causas e consecuencias. Asociación pensamento-emoción. B1.5. O autocontrol. A regulación dos sentimentos. As estratexias de reestruturación cognitiva. A resiliencia</p>	<p>B1.3. Estructurar un pensamento efectivo e independente empregando as emocións de forma positiva</p>	<p>VSCB1.3.1. Reflexiona, sintetiza e estrutura os seus pensamentos</p>	<p>CAA</p>
		<p>VSCB1.3.2. Utiliza estratexias de reestruturación cognitiva, de xeito guiado, sobre situacións da súa realidade</p>	<p>CAA</p>
		<p>VSCB1.3.3. Aplica o autocontrol á toma de decisións, á negociación e a resolución de conflitos, de xeito guiado</p>	<p>CSC CSIEE</p>
		<p>VSCB1.3.4. Expresa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas</p>	<p>CSC CSIEE CCL</p>
<p>B1.9. A Responsabilidade. Causas e consecuencias das accións propias. A toma de decisións persoais meditadas: técnicas e recursos. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais.</p>	<p>B1.7. Propoñerse desafíos e levalos a cabo mediante unha toma de decisión persoal, meditada e responsable, desenvolvendo un bo sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais</p>	<p>VSCB.1 7.1.Sopesa as consecuencias das súas accións</p>	<p>CSC CSIEE</p>

3. COMPETENCIAS CLAVE A DESENVOLVER A TRAVÉS DO PROXECTO

1º. Comunicación lingüística (CCL).

A máxima valoración desta competencia vémosla reflectida na exposición oral e escrita que se fai do produto final dos proxectos, tanto dentro da aula a través da presentación que cada alumno/a fai do seu traballo, como cando o presentan a un público auténtico como fixeron na Feira de proxectos do Colexio.

- Usa de xeito autónomo e responsable a Biblioteca escolar.
- Selecciona a información relevante.
- Comunica de forma oral e escrita, de xeito coherente, a información obtida.

2º. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).

Interpretar a información, Aplicar estratexias para la resolución de problemas, comprender la realidade, ou resolver problemas da vida diaria víronse reflectidos en actividades de cálculo de distancias, recoñecemento de figuras xeométricas ou elaboración de receitas de cociña.

3º. Competencia dixital (CD).

Púxose o acento especialmente no apartado de tratamento da información: buscar, seleccionar, procesar e comunicar a información elaborada sen esquecer a importancia de citar as fontes utilizadas correctamente, auténtico núcleo deste proxecto.

Nesta ocasión o traballo con **Scratch** levounos a elaboración de xogos a partir de tratamento de imaxes con programas como **Gimp**.

Como usuarios da Biblioteca escolar:

- Usa a Biblioteca escolar como fonte para a busca e selección de información relacionada co “O Principiño”
- Busca e selecciona material na biblioteca relacionado coa temática.
- Utiliza o índice de forma eficaz.
- Usa libros de consulta, enciclopedias de xeito adecuado.
- Identifica a información relevante en cada texto segundo a temática específica de cada reto, ou de cada experto.
- Anota as fontes bibliográficas de xeito correcto.
- Participa activamente na realización dos experimentos seleccionados.
- Participa activamente nas “visualizacións e coloquios sobre o tema”:e intercambio de opinións cun colexio de Marrocos co fin de coñecer diferentes culturas
- Expón de forma coherente o resultado do traballo.
- Comparte o proxecto a través do blog de aula e da Biblioteca, Feira de Proxectos do colexio, prensa, radio... co fin de darlle proxección ó traballo.
- Utiliza as TIC como medio de busca, selección e tratamento da información consciente da necesidade de rigor e de contrastar información antes de ser utilizada.

4º. Aprender a aprender (CAA).

Guiamos o proceso de busca da información co obxectivo de ir aumentando a autonomía do alumnado na consecución das aprendizaxes, organizando o seu traballo e os coñecementos adquiridos a través dos “lapbooks” e dos portfolios.

- Recompila de xeito organizado e coherente a información elaborando un portfolio que consta de portada, índice, información, bibliografía e webgrafía.
- Aprende a estruturar as distintas partes dun portfolio: índice, información e bibliografía.
- Aprende a manexar os índices para a selección eficaz de información.
- Aprende a buscar información nos dicionarios.
- Aprende a sintetizar información dunha charla expositiva ou dun medio audiovisual.
- Aprende a sintetizar información para facer unha exposición oral publicamente.
- Usa o método científico presentando experimentos.

5º. Competencias sociais e cívicas (CSC).

O tema do proxecto, parte do estudo na área de Ciencias Sociais, polo que, xustifica claramente o traballo nesta competencia. Poderíamos dicir que neste caso é a nosa competencia nai.

- Relaciona fenómenos naturais observables e dinámicas do Universo.
- Utiliza métodos científicos para observación de experiencias de aprendizaxe.
- O traballo cooperativo é fundamental para a aprendizaxe desta competencia. Hai que sinalar que o primeiro traballo cooperativo que ten lugar neste proxecto é o dos mestres/as. Esta é a única maneira de que o alumnado valore e descubra a importancia de organizarse en grupo, estruturar as tarefas, dialogar, resolver conflitos, consensuar respostas...
- Aprender a organizarse de xeito cooperativo para a busca, selección e síntese da información.

6º. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

- O alumnado participou activamente en todo o proceso tomando iniciativa, colaborando na toma de decisións, asumindo responsabilidades.
- Elaboración e reelaboración dos seus proxectos, buscando o propio ritmo persoal de traballo.
- Avaliación e autoavaliación das exposicións.
- Achegamento de ideas e colaboración na toma de decisións.

7º. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

O alumnado coñeceu, valorou e apreciou de xeito crítico as manifestacións culturais propostas na aula así como as expresións propias e dos compañeiros, ata lograr montar unha exposición pública de todos os traballos realizados onde desenvolveron a propia capacidade artística e creadora onde poñen en funcionamento a propia iniciativa, imaxinación e creatividade a través de lapbooks, portfolios, videos, xogos elaborados en Scratch

4. CALENDARIO PARA AS TAREFAS PREVISTAS

Aínda que proxectado para o primeiro e segundo trimestre, o traballo realizouse finalmente ao longo de todo o curso con 2-3 horas semanais aproximadamente.

5. ALUMNADO E PROFESORADO PARTICIPANTE

Os/as protagonistas do proxecto foron o alumnado de 3º B de Educación Primaria, entre o que se inclúe alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Os/as mestres/as que participaron no Proxecto foron os seguintes:

- M^a Carmen García Fernández: mestra titora.
- Rubén López Fernández: mestre especialista en Pedagogía Terapéutica.
- Xoaquín Freixeiro Álvarez: Música, A e I, e Coordinador do Equipo de Biblioteca.
- Manuela Álvarez Lana: mestra especialista en Pedagogía Terapéutica.

6. ORGANIZACIÓN PARA A SÚA REALIZACIÓN

Ao comezo de curso, o alumnado de 4ºB cubriu unha enquisa para coñecer os seus intereses, aptitudes e estilos de aprendizaxe.

A partir da información recollida puidemos saber cales eran os potenciais puntos fortes dos nosos alumnos/as, que serviron de base para unha aprendizaxe personalizada que permitiu o desenvolvemento de todo o seu potencial.

7.- OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS.

Nos resultados da enquisa antedita observouse que nos intereses do alumnado, os contos era un dos temas que os atraía. Por outra banda, dado que é un tema curricular de todas as áreas, vimos que ao falar deste conto xurdían moreas de preguntas que reflectían o interese da aula. Ambas as dúas razóns propiciaron a elección da temática do proxecto: O Principiño.

8.- DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA.

Este Proxecto segue o modelo SEM (Schoolwide Enrichment Model) de Enriquecemento Escolar ideado por Joseph S. Renzulli e Sally M. Este modelo permítenos atender a estudantes con diferente rendemento e que mostran os seus talentos de xeitos variados, descubriendo e potenciando a capacidade que cada alumno/a ten e levándoa ao seu máximo desenvolvemento. No modelo SEM é imprescindible que se cumpran as tres E's, tanto no alumnado coma no profesorado (Engagement: compromiso; Enthusiasm: motivación; Enjoyment: goce) elementos que determinaron a elección do tema xa que despertaban un grande interese por parte do alumnado. Por outra banda decidimos realizar un enfoque lúdico, con emprego de tecnoloxías novidasas (impresión 3D, robótica, Scratch...) que garantiron o goce durante a realización do proxecto.

Sen embargo este modelo non se segue ao pé da letra, xa que nós non podemos esquecer a nosa dinámica de anos anteriores de traballo nos proxectos documentais integrados promovidos dende a biblioteca escolar, e así decidimos achegar ao modelo SEM unha visión que dá unha importancia fundamental á procura de recursos documentais, á lectura en distintos soportes na liña de fomentar a alfabetización múltiple do alumnado, de coidar as citas bibliográficas respectando a autoría ao tempo que contrastamos distintas fontes de información procurando despertar o espírito crítico d@s nen@s.

Velaí que no noso deseño traballamos distintos aspectos:

- Actividades tipo I ou de motivación:
- Actividades tipo II ou curriculares e de investigación
- Actividades tipo III de exposición a distintos públicos.

9.- DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO.

Entre a documentación elaborada para o profesorado, cabe destacar a programación didáctica. Na mesma, relacionáronse os contidos das distintas áreas cos traballados a través das distintas actividades do Proxecto, Xogo:

Con respecto aos documentos elaborados para o alumnado, relacionamos os seguintes: rutinas de pensamento sobre valores e actitudes que descubrimos no texto, fichas de matemáticas con problemas sobre planetas ou sobre a receita das galletas espaciais, ficha para valorar o aprendido sobre o visionado da película do Principiño, Paneis elaborados con técnica de Scrap, batería de preguntas sobre os personaxes do texto e o seu posible significado, xogos de mesa con escornabots, portfolios individuais sobre diferentes áreas relacionadas co texto

10- RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS AO LONGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO.

A metodoloxía ven marcada polo Modelo Triádico de Renzulli, que supón desenvolver o traballo en tres niveis de actividades, que funcionan harmónica e dinamicamente:

- - **Actividades Tipo I:** son actividades de motivación, estimulación e exploración xera. Algúns exemplos das actividades realizadas foron: lectura e reescritura do texto do Principiño, visionado do vídeo, charla cunha experta na técnica de Scrapbooking, Iniciación a programación con Scratch
- - **Actividades Tipo II:** comprende todas as actividades que promoven a aprendizaxe de habilidades, metodoloxías concretas, destrezas, investigación. Perseguen desenvolver a capacidade metacognitiva do alumnado. Realizáronse: actividades de investigación, busca de información, análise e síntese de textos; actividades para saber como citar bibliografía correctamente; rutinas de pensamento sobre Universo; elaboración de Portfolios; deseño, elaboración e exposición de “Lapbooks” sobre o Principiño; obradoiro de galletas espaciais; ; deseño de dous xogos de mesa con escornabot con preguntas sobre o principiño e valores que descubrimos; gravación dun programa na radio escolar
- - **Actividades Tipo III:** onde o alumnado asume o reto de desenvolver produtos reais sobre o tema de interese e son presentados ante un público auténtico. As nosas principais actividades foron: a difusión a través do blog de aula dos nosos traballos, a presentación do noso proxecto nos medios de comunicación local e ao resto da comunidade educativa na Feira de Proxectos do noso colexio, prensa escolar, radio.

11-RECURSOS UTILIZADOS, ASÍ COMO, UNHA ENUMERACIÓN DETALLADA DAS PRINCIPAIS FONTES CONSULTADAS PARA A INVESTIGACIÓN.

RECURSOS PERSOAIS

- - Alumnado de 4º B do CEIP Plurilingüe Condese de Fenosa e as súas familias.
- - Mestres/as coordinadores/as do proxecto.
- - Colaboracións de: Dolo, Ana expertas en plástica e cociña.

RECURSOS MATERIAIS

- - Tecnolóxicos (audiovisuais e informáticos).
- - Materiais diversos para a realización de artes plásticas.
- - Impresos: libros dispoñibles da Biblioteca escolar e libros de texto.

RECURSOS AMBIENTAIS

- - Espazos do colexio: Biblioteca, patio, aula de 4º B, aula de inglés,...

RECURSOS METODOLÓXICOS

- - Estructuras de Aprendizaxe Cooperativa e Rutinas de Pensamento.

FONTES CONSULTADAS

- L. GALEGA:
 - de Saint- Exupéry, A. (2006). *O Principiño*. Editorial Galaxia, S.A. VIGO
 - López, C. (2018) *O estrambótico principiño*. Editorial Bululú. A Coruña
 - Lorenzo Pontevedra, M C. (2010) *Que me dis de...a Comunicación*. Nova Galicia Edicións, S.L. Pontevedra
 - Lorenzo Pontevedra, M C. (2010) *Que me dis de...non estou só*. Nova Galicia Edicións, S.L. Pontevedra
 - Crahay, A. (2017) *Boa noita, sono*. Grupo Editorial Luis Vives. Zaragoza
- L. CASTELÁN:
 - Araujo, J. (2002) *Valores para la convivencia*. Parramón Ediciones, S.A. Barcelona
 - Araujo, J. (2012) *El gran libro de las emociones*. Parramón Paidotribo. Barcelona
 - Pons, O. (2005) *Niños y niñas del mundo*. Gemser Publications. Barcelona
 - Books, T. (2007) *Ya no tengo miedo*. Tango Books. Barcelona
 - Madroño, E. (2016) *Sentimientos*. Grupo Editorial Bruño. Madrid
 - Núñez Pereira, C. (2014) *Emocionario*. Palabras Aladas S.L. Madrid
 - Monreal, V. (2012) *Felicidad*. Everest, S.A. León
 - Monreal, V. (2012) *Timidez*. Everest, S.A. León
 - de Saint- Exupéry, A. (2002) *El Principito*. Editorial Bruño. Barcelona
- WEBS:
 - DIBUJOS PRINCIPIÑO
 - LEYENDO, DISFRUTANDO Y APRENDIENDO
 - LOS SECRETOS DE "EL PRINCIPITO"
 - CARICIAS EN CUENTOS: EL PRINCIPITO DESPLEBABLE
 - 10 ENSEÑANZAS DE "EL PRINCIPITO"
 - ACTIVIDADES SOBRE EL PRINCIPITO
 - El Principito (Fernández Saez, Mª Soledad)
 - I Principito by berta farré on Prezi
 - ACTIVIDADES EDUCATIVAS PRINCIPITO DE JAVIER ESCAJEDO
 - CEIP JULIAN MARIAS EL PRINCIPITO
 - COLEGIO MADRID SUR
 - EL BLOG DE CRISTINA: PROYECTO:EL PRINCIPITO
 - EL PRINCIPITO – ceip cristóbal colón
 - <http://es.slideshare.net/virtusinter pares/el-principito-valores-para-primaria>
 - <https://elprincipitohelios.wordpress.com/>.
 - <http://vamosaserlosmejores.blogspot.com/2011/04/semana-dedicada-al-principito.html>.
 - <http://es.slideshare.net/cecizaguirre/guin-de-lectura-en-familia-el-principito-pdf>

- <http://elmarescolorazul.blogspot.com.es/2014/02/el-principito-le-petit-prince.html>
- <http://desvan-lectura.blogspot.com.es/2010/04/el-principito.html>
- <https://villanuevadeduero.wordpress.com/semana-del-libro-2012-2/>
- <http://bibliotecaescolarceiplagloria.blogspot.com.es/2013/02/quiosco-lector.html>
- <http://es.slideshare.net/RoxanaCespedesMedina/apoyo-educativo-prueba-el-principito-15208161>
- <http://www.dibujalia.com/dibujos-el-principito-6422.htm>
- <http://alvaole.blogspot.com.es/2012/01/el-principito.html>
- <http://vamosaserlosmejores.blogspot.com.es/p/el-principito.html>
- <http://es.slideshare.net/virtusinter pares/el-principito-valores-para-primaria>
- <http://fomentolecturaespinillo.blogspot.com.es/2010/03/el-principito.html>
- <http://es.slideshare.net/Gatopardo3/monografa-pdf-certificada-julio-daz>
- <https://heliosinfantil.wordpress.com/2013/04/29/semana-del-libro-y-proyecto-el-principito/>
- <https://plan-lector.wikispaces.com/Enlaces+sobre+el+principito>
- Profesores | Pensar, valorar , aprender .El Principito

12-IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

Toda a comunidade educativa facilitou o desenvolvemento do noso Proxecto: facilitando recursos materiais, colaborando na presentación do proxecto, achegando ideas, motivando ao alumnado, elaborando traballos na casa, buscando información na Biblioteca escolar, acudindo ás reunión informativas e/ou de coordinación, visitando o “stand” de presentación do noso proxecto,...

A nai dunha alumna deunos unha clase maxistral sobre como elaborar deliciosas galletas espaciais. Con ela medimos, pesamos, cortamos, calculamos, decoramos,... seguindo as instrucións dunha receita de galletas que xa nunca esqueceremos.

Sin o apoio de toda a comunidade educativa non teríamos chegado tan lonxe. É obrigado agradecer a todos a confianza e respecto que mostran pola nosa tarefa.

13-DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA.

Os medios de comunicación locais (radio, prensa e redes sociais) fixéronse eco da presentación do noso proxecto.

Elaboramos carteis para facer publicidade da nosa exposición. .

Así mesmo, as exposicións orais dos traballos foron gravadas en vídeo e publicadas no blog de aula e no da Biblioteca escolar.

14-AVALIACIÓN REALIZADA EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E AS COMPETENCIAS CLAVES DO CURRÍCULO.
 PROCEDEMENTOS EMPREGADOS. VALORACIÓN DAS APRENDIZAXES

VALORACIÓN DAS APRENDIZAXES					
Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de Avaliación				Ponderación
EPB2.1.3 É capaz de construír un autómatas e e ver as diferentes técnicas que se poden usar para crear obxectos.	Rúbrica				40%
	Indicador de logro 1	Indicador de logro 2	Indicador de logro 3	Indicador de logro 4	
	Non é capaz de construír un autómatas.	Crea o, autómatas pero non pode explicar as diferentes técnicas que empregou. Igualmente, precisa axuda docente, case constantemente, e non ten seguridade en si mesmo para realizar a tarefa de forma autónoma.	Crea o autómatas e explica o proceso con certas imprecisións. Igualmente, precisa puntualmente a axuda docente, xa que, ás veces, dubida e non está complementemente seguro de poder facer de forma autónoma a tarefa.	Crea o autómatas e explica correctamente o proceso. Ademais, realiza todo o proceso descrito de forma completamente autónoma e sen requirir axuda docente en ningún momento, xa que ten moita seguridade en si mesmo para finalizar a tarefa.	
EPB2.2.1 É capaz de construír un mural con Scrapbooking.	Rúbrica				30%
	Indicador de logro 1	Indicador de logro 2	Indicador de logro 3	Indicador de logro 4	Análise de producións
	Non é capaz de construír o mural	Crea o mural, pero non pode explicar as diferentes técnicas	Crea o mural, explica o proceso con certas imprecisións.	Crea o mural e explica correctamente o	

		para crear obxectos que emprega. Igualmente, precisa axuda docente case constantemente e non ten seguridade en si mesmo para realizar a tarefa de forma autónoma.	Igualmente, precisa puntualmente a axuda docente, xa que, ás veces dubida e non está complementemente seguro de poder facer de forma autónoma a tarefa.	proceso. Ademais, realiza todo o proceso descrito de forma autónoma e sen requirir axuda docente en ningún momento, xa que, ten seguridade en si mesmo para finalizar a tarefa.	
EPB2.4.2. Xogos con Scratch	Rúbrica				30%
	Indicador de logro 1	Indicador de logro 2	Indicador de logro 3	Indicador de logro 4	Análise de producións
	Non utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar material para as súas creacións artísticas.	Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar material para as súas creacións artísticas.	Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para documentarse sobre o seu contexto cultural e artístico. Busca información sobre o seu contexto cultural e artístico.	Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar material para as creacións propias ou colectivas.	
CSB2.1.1.	Lista de cotexo				25%
CSB2.2.1.	Proba escrita				25%
CSB2.2.2	Rexistro anecdótico				25%
CSB2.2.3.	Lista de cotexo para avaliar o produto final				25%
CNB1.1.1.	Rutina de pensamento: Compara e contrasta				30%
CNB1.1.2.	Rexistro anecdótico				70%

	(traballo cooperativo dentro do grupo e traballo e individual)				
LCB1.2.2.	Escala de estimación				30%
LCB1.3.1.	Escala de estimación				30%
LCB1.5.4.	Análise de produtos				10%
LCB1.6.1.	Lista de control				10%
LCB1.8.2.	Proba oral				10%
LCB2.5.1.	Observación directa				10%
LGB1.3.2.	Lista de cotexo				10%
LGB1.3.3.	Escala de estimación				10%
LGB1.3.4.	Anecdotalario				10%
LGB1.4.1.	Observación directa				10%
LGB1.6.2.	Proba oral				20%
LGB1.8.1.	Observación directa				20%
LGB2.3.2.	Proba escrita				20%
Mtb1.1.1.	Observación directa				30%
Mtb1.1.2.	Análise de tarefas				30%
Mtb2.3.2.	Proba escrita				20%
Mtb2.4.1.	Escala de estimación				20%
PLEB1.1.	Watching a listening the video				10%
PLEB1.2.	All the activities in the session				10%
PLEB2.1.	Activities 1				15%
PLEB2.3.	Watching, listening, reading and singing the song				20%
PLEB2.4.	Activity 3				15%

PLEB4.1.	Activity 2				20%
PLEB4.2.	All the activities in the session				10%

VALORACIÓN DO ENSINO

Aspectos positivos	<ul style="list-style-type: none"> • Fomenta o traballo en equipo de mestres/as e alumnado. • Motivación, implicación e compromiso co traballo. • Participación e integración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. • Favorece a autonomía e a capacidade crítica do alumnado. • Incorporación das rutinas de pensamento como metodoloxía de traballo. • Uso da biblioteca escolar como espazo de investigación e ferramenta de aprendizaxe
Propostas de mellora	<ul style="list-style-type: none"> • Planificar a temporalización, dende o primeiro momento, de xeito realista marcando o número de sesións que corresponden a cada tarefa. • Organizar as exposicións dos proxectos para dar visibilidade a toda a comunidade educativa.